

## A maioría das praias de Baiona e Nigrán acadan niveles de excelencia segundo o control do SERGAS.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 13 Xullo 2015 20:56

---



Esta análise non outorga bandeiras para izar pero os seus informes son os que toma en conta o Estado español e a Unión Europea nas estatísticas e regulamentos oficiais. Nese senso a bisbarra acada boa nota pois sete praias ou augas de baño, segundo a terminoloxía do servizo, reciben a excelencia, mentres que catro son cualificadas como boas.

Así o determina o informe de [Vixilancia Sanitaria das zonas de baño de Galicia](#) emitido para este verán polo Servizo Galego de Saúde. En Nigrán as praias de Patos, Área Fofa, Madorra e Lourido (Praia América), acadan a categoría "Marítima excelente", a mellor nota que outorga a avaliación baseada na normativa estatal e europea. A mesma cualificación obtén A Barbeira e a Dos Frades en Baiona, ao igual que A Ladeira, [que tras catro tempadas](#) con cualificacións negativas, dende o pasado ano logra superar os controis.

Sen o nivel de excelencia das anteriores para o SERGAS, tamén son consideradas boas para o baño as praias de Panxón (Nigrán) e Santa Marta, A Ribeira e A Concheira en Baiona.

A vixilancia sanitaria destas zonas de baño foi desenvolvida dende a pasada tempada estival mediante inspección e mostraxe periódica por un corpo de farmacéuticos inspectores da saúde pública, segundo o SERGAS. Nestas mostraxas, analízanse os parámetros microbiolóxicos Escherichia Coli e enterococos intestinais no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.

## **A maioría das praias de Baiona e Nigrán acadan niveles de excelencia segundo o control do SERGAS.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 13 Xullo 2015 20:56

---

O informe, que dá publicidade aos valores atopados en cada unha das augas analizadas, non cualifica negativamente ningunhas das zonas de baño miñoranas.